



Deputación
DA CORUÑA

REGULAMENTO. XVI CARREIRA POPULAR: CONCELLO DE CARIÑO

Artigo 1. Obxecto.

Con esta proba preténdese crear e fomentar un hábito de vida saudable entre a poboación, abandonando o sedentarismo, previndo e reducindo a incidencia das súas enfermidades asociadas, e ofrecendo a posibilidade de ocupar de forma saudable o seu tempo de ocio.

Artigo 2. Organización e colaboración.

A proba denomínase XVI Carreira popular: Concello de Cariño está organizada polo Servizo de Deportes do Concello de Cariño e colaboran ou patrocinan esta proba: Eroski city, Arthros Fisioterapia e a Deputación da Coruña.

Celebrase o sábado 8 de agosto, dende as 10:00 ata 13:00 horas, coa saída no Paseo marítimo de Cariño a altura da casa do concello e o recorrido é de 6200 metros (case 3 voltas completas arredor do paseo marítimo). As categorías, horario estimado e distancias a recorrer son as seguintes:

Adultos

- Senior M/F: Nados entre 1991 e 2008. Distancia: 6000 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.
- Veterano/a A M/F: Nados entre 1976 e 1990. Distancia: 6000 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.
- Veterano/a B M/F: Nados en 1975 ou antes. Distancia: 6000 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.

Menores

O horario é estimado e as probas comezarán o rematar a proba anterior, podendo adiantarse ou retrasarse, polo que se recomenda estar antes do horario marcado:

- Pitufos M/F: Nados entre 2022 e 2026. Distancia: 80 metros. Hora prevista de saída: 11.00 horas.

Servizo de deportes.

Avenida da paz, 2 (casa do concello) - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981405064 - davidfernandez@concellodecarino.gal



Deputación
DA CORUÑA

- Sub-8 M/F: Nados entre 2019 e 2021. Distancia: 200 metros. Hora prevista de saída: 11.10 horas.
- Sub-10 M/F: Nados entre 2017 e 2018. Distancia: 400 metros. Hora prevista de saída: 11.20 horas.
- Sub-14 M/F: Nados entre 2013 e 2016. Distancia: 800 metros. Hora prevista de saída: 11.35 horas.
- Sub-18 M/F: Nados entre 2009 e 2012. Distancia: 2000 metros. Hora prevista de saída: 11.50 horas.

Artigo 3. Premios.

Haberá categorías tanto masculinas como femininas e entregárase medallas ós 3 primeiros clasificados de cada proba (masculina e feminina). En caso de que algunha categoría quedase con poucos participantes xuntárase con outra.

Entregárase unha medalla a cada participante das categorías de menores.

Artigo 4. Inscripción.

A inscrición é gratuíta e faise na páxina web de cronotec.es rematando o prazo ás 23:59 horas do luns 3 de agosto de 2026.

Os dorsais poderán retirarse o venres 7 de agosto, de 12:00 a 13:30 na casa do concello de Cariño (servizo de deportes), ou o mesmo sábado no vestíbulo da casa do concello de 9:20 a 9:50 horas.

Recoméndase a retirada do dorsal o día antes da proba, e chegar con antelación suficiente para evitar colas de última hora o día da proba. Para a retirada do dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o mesmo, con calquera dos seguintes documentos oficiais: Maiores de 14 anos: DNI, ou outro documento oficial, os/as menores de 14 anos: DNI ou libro de familia e do DNI do pai/nai/titor/a.

Artigo 5. Normas de participación.

Para formar parte desta proba é necesario que todos os participantes acrediten a súa identidade coa presentación do seu D.N.I. á hora de recoller o dorsal de cada proba.

Servizo de deportes.

Avenida da paz, 2 (casa do concello) - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981405064 - davidfernandez@concellodecarino.gal



Deputación
DA CORUÑA

O comité organizador resérvase o dereito de pechar as inscricións se as razóns organizativas así o requirisen.

Todos os participantes na proba aceptan o seu regulamento e normativa, formalizando a súa inscrición con todos os dereitos e obrigacións que lle corresponden. Así mesmo, no momento da inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que lles incapacite para a práctica de actividade física e deportiva. Do mesmo xeito aceptan que a organización publique fotos, imaxes ou calquera outra información nas súas redes sociais e medios de comunicación.

Para participar na proba é obrigatorio o correcto uso do dorsal e chip facilitado en cada proba por persoal da organización. En caso de non realizar correctamente a colocación do dorsal ou chip non se garantirá que o resultado sexa correcto.

Artigo 6. Normas de seguridade.

Nesta proba mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan utilizados polo concello e por cronotec para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil.

En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico ó Servizo de deportes do Concello de Cariño: [.davidfernandez@concellodecarino.gal](mailto:davidfernandez@concellodecarino.gal) .

A organización asegurará a provisión de bebidas aptas para a práctica deportiva na meta e en puntos intermedios das probas. Os participantes poden ducharse no polideportivo municipal que se atopa a 1 km da zona de chegada.

A proba realízase integramente no paseo marítimo (carril peonil e carril bici) polo que está pechada ao tráfico.

Artigo 7. Regulamento da proba.

1. As reclamacións referentes os resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

Servizo de deportes.

Avenida da paz, 2 (casa do concello) - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981405064 - davidfernandez@concellodecarino.gal



Deputación
DA CORUÑA

2. “Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal o chip/s de outra/s persoa/s”.
3. “Os atletas con licenza federativa terán que aterse o regulamento de Disciplina Deportiva en vigor”.
4. “Os atletas con licenza pola FGA deberán competir ca camiseta oficial do seu club”
5. “As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sen ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. E a organización non se fará responsable dos danos que estas persoas podan causar o causarse”.
6. “Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores”.

Artigo 8. Reclamacións.

Establécese un prazo de 24 horas hábiles para realizar calquera reclamación respecto diso do desenvolvemento da proba. Dita reclamación presentárase por escrito ante o Comité Organizador presentado cantas probas estime oportunas. Devandito Comité actuará de oficio cando existan causas que así o permitan e xustifiquen. A súa decisión última será inapelable.

Artigo 9. Cláusulas adicionais.

Primeira: Todos os participantes aceptan a publicación dos seus datos persoais, así como fotografías da propia organización. Mediante a inscrición o deportista consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización, por cada concello e pola empresa Cronotec para comunicacións sobre as súas actividades.

Segunda: A organización resérvase o dereito de cambiar os percorridos predefinidos, probas convocadas ou modificar o regulamento se as condicións así o requiren.

Artigo 10. Percorrido.


Servizo de deportes.

Avenida da paz, 2 (casa do concello) - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981405064 - davidfernandez@concellodecarino.gal



Deputación
DA CORUÑA



Servizo de deportes.

Avenida da paz, 2 (casa do concello) - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981405064 - davidfernandez@concellodecarino.gal